



## Concurso de Traballos por Proxectos 2022-23

**Código:** 36020350

**Centro:** IES Pintor Colmeiro

**Localidade:** Silleda

**Provincia:** Pontevedra

### 1.- INTRODUCCIÓN

Este proxecto nace no corpo da programación anual da biblioteca Xosé Neira Vilas do IES Pintor Colmeiro, en relación cunha das actividades puntuais de calendario que se realizan cada ano e motivado polo interese do profesorado en tecer traballos interdepartamentais que impliquen de forma transversal aos grupos. Partindo dunha idea de moita menor proxección pensada para un grupo concreto e desde dous departamentos, foise pouco a pouco construíndo unha rede de traballo que reconfigurou a idea inicial nun proxecto interdisciplinar que, dun xeito ou doutro, chegou a case toda a comunidade escolar.

A pretensión da idea inicial do proxecto, que foi a de traballar para o día da paz o Guernica de Picasso e as súas implicacións históricas e simbólicas, buscaba facer un tratamento significativo deste tipo de datas, arraigándoas máis na realidade, propiciando unha certa interdisciplinaridade (entre a arte, a historia e as linguas) e o traballo das competencias AMI e ALFIN. Estes elementos mantivéronse como eixos no proxecto final, que tivo como centro o traballo de investigación sobre diversos acontecementos históricos de masacres de poboación civil no contexto dunha guerra e outros traballos de menor entidade máis vinculados ao Guernica en si.



Participaron en distintos ámbitos de traballo do proxecto todos os grupos da ESO, un pequeno grupo de alumnos de 1º de BAC e os grupos de FPB e ESA ; aínda que a actividade principal centrouse en 3º e 4º da ESO.

Os departamentos de profesores implicados foron os que seguen: Departamento de Lingua Galega e Literatura, Alexandre Pereira (cos grupos de 4º ESO) e Natividad J. Diéguez Pardo (cos grupos de 3º de ESO); Departamento de Lingua Castelá e Literatura, Celia Lamela Couto (con 1º de BAC e 4º da ESO); Departamento de Xeografía e Historia, Dolores Camba (con 4º da ESO); Departamento de lingua inglesa; Elvira Rey Casais (con 3º de ESO), Alba Caballero Tobar (cun dos grupos de 3º e con 4º de ESO) e Laura López (co grupo da ESA); Departamento de Debuxo, Anabel Míguez (cos grupos de 3º da ESO) e Pablo Cuñarro (cos grupos de 1º de ESO); Departamento de Filosofía, María Álvarez (co grupo de FPB II). Outra parte do profesorado colaborou acompañando aos grupos de 2º da ESO nas dúas sesións que cada grupo dedicou a asistir ás ponencias informativas preparadas polos compañeiros de 3º e 4º da ESO e a participar nun xogo de composición do Guernica mediante pistas vinculadas a estes episodios.

O equipo da biblioteca levou a cabo a coordinación xunto co equipo de Dinamización Lingüística e nunha parte dos traballos participou o Club de Ciencia.

Respecto das competencias clave traballadas neste proxecto pode destacarse:

- **Competencia en comunicación lingüística (CL).** Esta competencia foi unha transversal absoluta en practicamente todo o proxecto. Traballouse tanto a dimensión escrita de lecto-escritura e diversas fontes (no proxecto de investigación propiamente), en varias linguas (galego, castelán e inglés) e

soportes (tradicional e dixital); así como a expresión oral na breves ponencias que os grupos de terceiro e cuarto fixeron para o alumnado de segundo sobre cada un dos episodios seleccionados.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CCMCT).** A competencia científica fíxose presente de forma explícita nas actividades de química sobre o uso de axentes químicos nas guerras.

De forma máis transversal a competencia matemática traballouse na configuración das dimesións do crebacabezas e as súas pezas, a súa segmentación en relación co número de conflitos traballados; por outra parte, na organización dos tempos en relación coa rotación dos grupos que asistiron ás exposicións sobre os conflitos.

Ademais, tamén se traballou a relación de proporcións e o pensamento lóxico e espacial na actividade de reprodución da lámina que se fixo nas actividades de debuxo en 1º e 3º da ESO.

- **Competencia dixital (CD).** A competencia dixital tamén tivo un espazo importante como destreza traballada fundamentalmente nos grupos de 3º e 4º, que fixeron a indagación de fontes fundamentalmente a través das buscas de Internet, traballando a capacidade de discriminación da validez das fontes e o uso de termos clave para facer buscas eficientes. Por outra parte, na elaboración dos cartaces empregouse o programa Canva, en soporte online, co que se traballou este tipo de ferramentas e as claves de presentación de materiais en formato dixital.

- **Aprender a aprender (CAA).** O traballo de investigación e procura de información propiciando a autonomía do alumnado e a xestión do súa propia aprendizaxe inciden directamente na CAA. Do mesmo xeito a preparación das



ponencias para outros alumnos requiren o desenvolvemento de destrezas de control dos tempos e organización das tarefas, reflexión sobre o propio coñecemento e capacidade para discernir a relevancia dos contidos e a forma de organizalos.

- **Competencias Sociais e Cívicas (CSC).** Tanto o contido central dos traballos de investigación como a reflexión sobre a pintura do Guernica serviu para traballar a dimensión social da aprendizaxe, incidindo na sensibilidade sobre o sufrimento provocado polas guerras e, dunha forma máis xeral, sobre a propia violencia e sobre a relevancia da memoria histórica. A transmisión de coñecemento intergrupala tamén foi espazo relevante para cultivar as destrezas de escoita, respecto mutuo e o propio valor da capacidade de aportar información e coñecemento que se ten para outras persoas.

Cómpre destacar tamén que nos preocupou o carácter sensible do material traballado polo seu contido e polo contraste que podía resultar de empregar unha estratexia gamificadora como a do crebacabezas. Neste sentido procurou cultivarse unha sensibilidade ética, evitando imaxes e relatos que puideran resultar morbosos e insistindo na certa calma coa que debería abordarse a actividade.

- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).** É tamén unha competencia que atravesa o conxunto das actividades, maioritariamente grupais, que requiriron planificación, coordinación e toma de decisións por parte do alumnado. Está presente na construción do discurso propio sobre cada feito histórico, nos ensaios sobre a violencia en inglés e na mesma resolución da montaxe da pintura e a exposición.

- **Conciencia e expresións culturais (CCEC).** A competencia de conciencia e expresións culturais foi tamén unha eixo relevante, estando no mesmo centro



do proxecto o aprezo e coñecemento da obra de Picasso, como referente para cultivar a sensibilidade sobre as expresións artísticas e o seu importante valor simbólico e comunicativo.

En canto ás competencias curriculares recollemos as máis salientables, respecto das vinculadas ás materias en relación coas cales se desenvolveu o centro do traballo foron:

- **Departamento de Lingua Galega e Literatura.** Materia: *Lingua e Literatura Galega* de 3º e 4º da ESO.

3º da ESO Bloque 2. Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. CA2.5. Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle. CA2.6 Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia

4º da ESO: B1.9. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC; B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.

- **Departamento de Linguas Extranxeiras, inglés.** Materia: *Lingua inglesa* de 4º da ESO e *Educación en valores* de 3º da ESO.

Lingua inglesa: B4.1. Estratexias de produción: Planificación, execución, elaboración dun borrador, estruturación do contido do texto, organización en parágrafos; expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto; Reaxuste da tarefa; aproveitamento ao



máximo dos coñecementos previos; atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación e presentación coidada do texto.

*Educación en Valores:* Bloque 2. Sociedade, xustiza e democracia. A convivencia pacífica e segura.–A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política. CA2.1. Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos

- **Departamento de Lingua Castelá e Literatura.** Materias: *Literatura Universal* de 1º de BAC e *Lingua e Literatura Castelá* de 4º da ESO.

*Literatura Universal:* C2.1 - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. CA1.3 - / CA2.3 Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal.

*Lingua castelá e literatura:* B2.3. Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos; B2.5.Utilización progresivamente autónoma das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación como fontes de obtención de información.

- **Departamento de Física e Química.** Materia *Física e Química* de 4º da ESO: B1.1. Investigación científica; B.1.7. Tecnoloxías da información e da comunicación no traballo científico e B.1.8. Proxecto de investigación; B.2.5. Formulación e nomeamento de compostos inorgánicos segundo as normas das IUPAC; B.2.6. Reaccións de especial interese.

- **Departamento de Xeografía e Historia.** Materia de *Xeografía e Historia* de 4º da ESO: B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial:



extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias.

- **Departamento de Debuxo.** Materia: *Educación Plástica* en 1º e 3º da ESO.

1º ESO: Bloque 1. Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico. CA1.1. Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audio-visuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade

3º ESO: Bloque 3. Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos: Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas. CA3.4. Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto

O calendario da organización e desenvolvemento do proxecto foi seguinte o:

CALENDARIO DE TAREFAS PREVISTAS	
Setembro	➤ Semana 12 – 16: Selección do tema do Guernica para un proxecto vinculado ao día da Paz.
Decembro	➤ Sermana 14 – 16 Presentación do proxecto inicial ao profesorado vinculado á biblioteca e reconfiguración do proxecto ampliándoo a máis departamentos e niveis.
Xaneiro	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Semana 9 – 13 Presentación da proposta co formato ampliado, incorporándose actividades de debuxo e a exposición oral destinada ao alumando de 2º da ESO. Presentación do proxecto a todo o profesorado.</li> <li>➤ Semana 16 – 20. Deseño do cadro común e publicación compartida (día 17) <ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación da actividade de debuxo aos alumnos de plástica de 1º e 3º.</li> <li>- Preparación da imaxe en calidade para poder imprimila en tamaño 2 m x 4,5 m.</li> </ul> </li> </ul>
	➤ Semana 23 – 27. Sesións de traballo de investigación.
Febreiro	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Semana 30 – 3. Sesións de traballo de confección dos paneis. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Preparación das exposicións orais.</li> </ul> </li> <li>➤ Semana 6 – 10. Montaxe da exposición cos pósters e as pezas do crebacabezas. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Días 9 e 10. Exposicións orais e sesión de xogo de identificación das</li> </ul> </li> </ul>



	<p>pezas e montaxe do crebacabezas.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>➤ Semana 13 ao 16: - Pase do último grupo de 2º pola actividade (día 13) - Actividades de reflexión sobre o traballo (ensaio en inglés, traballo escrito da actividade de valores, traballo cooperativo en Educación plástica de 3º da ESO.</li></ul>
Marzo	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Semana 6 – 10 Proposta de lectura sobre a obra de Joseph Conrad, <i>El corazón de las tinieblas</i> en Literatura Universal (coloquio nas semana 20 - 24)</li></ul>
Maio	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Semana 8 -12 Proposta de lectura de <i>La muerte en Guernica</i> de Paul Preston en versión cómic no club de lectura Historia en TBO.</li></ul>
Xuño	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Semana 5 -9 Preparación dos materiais para a mesa de reutilización e reciclaxe da Feira da Ciencia.</li><li>➤ Día 15: Montaxe do posto na Feira da Ciencia con cadernos conmemorativos.</li></ul>

## 2.- OBXECTO

A temática deste proxecto escolleuse a partir da reflexión sobre o tratamento da violencia e a guerra nas actividades escolares como algo pouco vinculado ás veces á realidade máis palpable, tentando buscar un fío que permitise unha reflexión ben construída sobre a violencia e a cara máis humana dos conflitos bélicos. A efeméride dos 50 anos da morte de Picasso brindaba a oportunidade de engadir a esta temática unha dimensión artística e histórica moi frutífera. De maneira que partimos da imaxe do Guernica, pensando en traballar unicamente o cadro a súa historia e o bombardeo concreto da vila vasca. Nas reunións preparatorias fomos ampliando o noso foco sobre os distintos masacres na historia realizadas sobre a poboación civil para facer unha reflexión máis extensa. Este foco permitiu diversas ramificacións que, mantendo o contacto con esta idea central, facilitaron a integracións de máis grupos e departamentos dos previstos.

## 3.- PROCESO

Como fomos adiantando, o proxecto foi pensado a inicio de curso como un traballo de menor dimensión, interdepartamental e vinculado a un único curso (4º da ESO), que culminaría o 30 de xaneiro. Nas propias reunións





preparatorias do equipo de biblioteca empezamos a albiscar as posibilidades do tema como proxecto de maior envergadura e a heteroxeneidade do equipo propiciou que se ampliasen os contidos e se implicasen máis grupos, de xeito que o calendario final excede co moito ao propio día da paz.

O primeiro paso foi incorporar 3º da ESO á actividade principal. A seguir diversificáronse as actividades máis alá da investigación histórica. Incorporouse a actividade de debuxo e a investigación química. Finalmente integráronse actividades noutros ámbitos de traballo vinculados á biblioteca: un dos clubs de lectura, dedicado ao cómic histórico e a actividade do Espazo Facedor con material reutilizado, que se levou á Feira de Ciencia.

Paralelamente foron resolvéndose os problemas loxísticos de confección da imaxe, os procedementos para traballar táboas compartidas e, á veces, o mesmo ámbito de traballo e produto final, desde varias ópticas e materias.

#### 4.- DOCUMENTACIÓN

Elaborouse unha presentación da actividade cun calendario xeral e, cada profesor foi presentando, segundo a súa propia metodoloxía, un calendario concreto das actividades particulares en cada materia.

En canto á documentación elaborada polo alumando, a principal consistiu en dous pósters por grupo de traballo, un relativo á información sobre un conflito correspondente e outro cun dato asociado a unha imaxe, que servira de pista para a base do crebacabezas. O alumnado de 1º de BAC fixo a parte informativa sobre o cadro do Guernica para acompañar contextualizándoa a reprodución do cadro.

Na materia de inglés (4º da ESO) fixéronse traballos individuais de ensaio sobre cada conflito traballado cunha reflexión xeral sobre a violencia sobre os civís nas Guerras. (Achégase a documentación no apartado



correspondente da aplicación).

## 5.- TAREFAS

As tarefas desempeñadas polo alumnado foron as seguintes:

### Investigación

- Investigación histórica, busca de fontes diversas, cualificación das fontes e selección de información relevante. En pequenos grupos, o alumnado de 3º e 4º da ESO, ESA e FPB II investigou un dos episodios e matanza de civís nun contexto bélico. Os episodios seleccionados foron as matanzas de: Mozote, My Lai, Marzabotto, Oradur-sur-Glane, Katyn, Sudán del Sur, Daoxian, Dresde, Guernica, Guta, Hiroshima e Nagasaki, La Desbandá, Nanjin, Ruanda, Shabra e Shatila e Srebrenica.

- Investigación científica. O alumnado de Física e Química de 4º da ESO investigou sobre substancias empregadas nas guerras, algunhas delas directamente relacionadas cos conflitos estudados.

### Producción de materiais

- Elaboración de materiais propios a partir das fontes cun esquema común para formar unha exposición conxunta sobre os distintos massacres traballados. A partir da información seleccionada na fase de investigación fixéronse os pósters. Cada traballo incluíu a denominación, o contexto xeral, os acontecementos concretos e consecuencias. Nun panel diferente cada grupo escolleu un dato a maneira de pista asociado a unha imaxe que servira de guía para a montaxe do crebacabezas.

- Confección de paneis sobre o uso de armas químicas nas guerras e os seus efectos.

- Redacción de pequenos ensaios en inglés respecto dos conflitos bélicos traballados e o uso da violencia.



- Confección da imaxe fragmentada para a montaxe dun quebracabezas de gran tamaño.
- Realización de versións pictóricas do Guernica de Picasso a partir da imaxe dada. Esta actividade realizouse, adaptada aos obxectivos de cada materia en 1º e 3º da ESO. A actividade de 3º de ESO enmarcouse nunha metodoloxía cooperativa en dúas fases. Traballouse a técnica do lapis ao centro, poñendo como tarefa a observación do cadro; para a continuación escribir as impresións sobre o cadro (comprensión, sentimentos, percepción estética) Por parellas comentaron despois tomando anotacións do comentado pola parella e, por último, fíxose unha posta en común para explicar o contexto artístico e histórico da obra. Despois disto e tendo máis claro o cadro e as súas formas, o alumnado procedeu a reproducilo en A4 ao longo de tres sesións co obxectivo de traballar as proporcións e o uso do lapis como ferramenta de debuxo, ao tempo que coñecía a obra, o autor e o movemento artístico no que se enmarca.

### **Expresión oral.**

- Preparación dunha exposición oral sobre cada episodio e realización da exposición para compañeiros doutros curso. Os alumnos de 3º e 4º da ESO prepararon pequenas ponencias sobre o episodio traballado por cada grupo e foron facendo a explicación de forma rotativa, ao alumnado de 2º da ESO.
- Coloquio e reflexión sobre as guerras e a violencia. Foi unha metodoloxía común a moitas das actividades. Expresamente empregouse na materia de Valores Éticos de 3º de ESO.

### **Traballo específico de lectura**

- Lectura *La muerte en Guernica* de Paul Preston (Club de lectura de Historia de TBO).



- O alumnado de Literatura Universal de 1º da ESO leu *El corazón de las tinieblas* de Joseph Conrad, estreitamente vinculada co tema do proxecto. Este grupo foi o mesmo que elaborou a información xeral sobre o cadro de Picasso. Fixéronse varias sesións de coloquio para traballar a lectura de cada capítulo da obra.

### **Reciclaxe na Feira de Ciencia**

- Realización de cadernos conmemorativos da obra de Picasso reutilizando papel vello no Espazo Facedor da Biblioteca para a Feira de Ciencia de final de curso. Esta actividade conectou cun obradoiro de encadernación xaponesa que se fixo na feira do día do libro. Tratábase de aprender a encadernar nun formato sinxelo facendo caderniños. Para participar na feira de ciencia, pensouse en empregar esta actividade como forma de reciclaxe de material escolar vello e aproveitar para facer unha última actividade relacionada co Guernica, ao empregar a imaxe do cadro como cuberta e unha das pombas de Picasso como contraportada.

### **Participación no xogo montaxe do quebra-cabezas.**

- O alumnado de 2º da ESO foi o público e protagonista do centro da actividade, na que os alumnos de 3º e 4º cumpriron a función de guías e organizadores. Durante as exposicións os alumnos e alumnas de 2º contaban cunha ficha para recoller información, que lles serviu de apoio para a realización do xogo. Dispersas polos corredores do centro tiña as pezas do Guernica, asociadas cada unha a un panel informativo co detalle sobre cada episodio. Para situar a peza no lugar correspondente precisaban asociala coa pista que se atopa no lugar correspondente do panel de composición do quebra-cabezas.



## 6.- RECURSOS

En canto aos recursos dixitais foron fundamentais no desenvolvemento do proxecto:

- As aulas virtuais en diversos departamentos.
- A ferramenta online de deseño gráfico Canva, na que se fixeron os pósters.
- Para a coordinación do profesorado empregouse de forma moi dinámica grupo de What's app da biblioteca.

Para realizar a investigación traballáronse gran cantidade de fontes, das que recollemos as máis significativas:

- Sadurní, JM., "La masacre de Nankín durante la Segunda Guerra Mundial", web: Historia National Geographic,

<[https://historia.nationalgeographic.com.es/a/masacre-nankin\\_15018](https://historia.nationalgeographic.com.es/a/masacre-nankin_15018)>.

- Wikipedia s.v. "Masacre de Daoxian", Wikipedia,

<[https://es.m.wikipedia.org/wiki/Masacre\\_de\\_Daoxian](https://es.m.wikipedia.org/wiki/Masacre_de_Daoxian)> sen data.

- Montes, Ana, "¿Qué fue la masacre de Sabra y Chatila en Líbano?", web EOM, El orden mundial, <<https://elordenmundial.com/que-fue-masacre-sabra-chatila/>>, 16 septiembre, 2022.

- Wikipedia s.v. "Ataque químico de Guta", Wikipedia, <[https://es.m.wikipedia.org/wiki/Ataque\\_qu%C3%ADmico\\_de\\_Guta](https://es.m.wikipedia.org/wiki/Ataque_qu%C3%ADmico_de_Guta)> sen data,

- Cabello García, Cristina, "La Desbandá", un episodio oscuro de la historia española", web de RTVE, <<https://www.rtve.es/noticias/20220209/desbanda-episodio-oscuro-historia-espanola/2286806.shtml>>, 9 de febreiro de 2022,

- Sadurní, J.M., "El bombardeo de Drede en la Segunda Guerra Mundial", web Historia National Geographic,

<[https://historia.nationalgeographic.com.es/a/bombardeo-dresde-segunda-guerra-mundial\\_15087](https://historia.nationalgeographic.com.es/a/bombardeo-dresde-segunda-guerra-mundial_15087)>, 13/02/2020.



- Axencia, “25 años de la matanza de Srebrenica, la mayor masacre en Europa tras la Segunda Guerra Mundial”, Web RTVE, <  
<https://www.rtve.es/noticias/20200711/25-anos-matanza-srebrenica-mayor-masacre-europa-tras-segunda-guerra-mundial/2026956.shtml>>, 11/07/2020
- Martínez Ron, Antonio, web Fogonazos, “Hiroshima, el horror que nunca nos quisieron enseñar”  
<<http://www.fogonazos.es/2007/02/hiroschima-el-horror-que-nunca-os.html?m=1>>, 5/02/2007
- Sadurní, J.M. “La matanza de My Lai, un crimen sin castigo”, Historia National Geographic, 16/03/2023.
- Lima, Lioman, “El Mozote: cómo fue la masacre en El Salvador en 1981, la mayor del siglo XX en América Latina”, BBC News Mundo, <  
<https://www.bbc.com/mundo/noticias-america-latina-47425381> > , 10/12/2021.
- “La masacre de Marzabotto”, Segunda Guerra Mundial.es,  
<<https://segundaguerramundial.es/horroses/masacre-de-marzabotto/>>, sen data.
- Togores, Luis E., “La masacre de Oradour-sur-Glane”, El Debate,  
<<https://www.eldebate.com/historia/20220410/1944-oradour-sur-glance-matanza-ss-sur-francia.html>>  
10/04/2022.
- Sadurní, J.M., “La masacre del bosque de Katyn”, Historia National Geographic, <  
[https://historia.nationalgeographic.com.es/a/masacre-bosque-katyn\\_15327](https://historia.nationalgeographic.com.es/a/masacre-bosque-katyn_15327)>, 2/  
06/2020
- Web do Museo reina Sofía <  
<https://www.museoreinasofia.es/coleccion/obra/guernica>>

Todas as consultas feitas en xaneiro de 2023.

## 7.- IMPLICACIÓN

En canto á implicación da comunidade educativa, aínda que a actividade principal foi desenvolvida polo alumnado de 3º e 4º, a participación global tocou a case todos os niveis educativos do centro. Estiveron directamente implicados seis departamentos e trece docentes. Destacou tamén o apoio de Vicedirección



do centro na elaboración das gravacións e difusión da actividade.

Por outra parte, a coordinación do traballo realizada pola biblioteca fíxose de forma colexiada con equipo de Dinamización Lingüística e se colaborou nunha das actividades do Club de Ciencias.

## 8.- DIFUSIÓN

A difusión dos traballos entre a comunidade educativa tivo lugar fundamentalmente de forma directa nos corredores da planta baixa do edificio - que son os de circulación común-, mediante a exposición dos pósters e a reprodución da pintura do Guernica en formato de crebacabezas.

Por outra parte, as actividades adquiriron unha maior proxección a través da páxina web do centro Vida no Colmeiro

<https://sites.google.com/view/vidanocolmeiro/?pli=1> do blog da biblioteca,

<https://biblogcolmeiro.blogspot.com/p/documentacion.html>

e, nas redes sociais, na conta de Instagram do centro: [@ies.pintor.colmeiro](https://www.instagram.com/ies.pintor.colmeiro)

## 9.- AVALIACIÓN

Aínda que con pequeno formato, a creación de pequenos proxectos con participación de varios departamentos é algo habitual nas aulas do centro e na programación da biblioteca; este proxecto abriu unha vía de traballo de integración da actividade global do centro que foi valorada moi positivamente polos departamentos e docentes implicados e tamén polo alumnado. O aspecto máis relevante neste sentido foi a interdisciplinaridade efectiva conseguida e a integración curricular da actividade en cada materia e grupo. Outra cuestión salientable foi o papel activo do alumando no desenvolvemento da actividade como vía de fomento dunha metodoloxía de aprendizaxe entre iguais que cremos especialmente enriquecedora, así como o traballo de competencias AMI.



A avaliación das competencias en cada unha das áreas realizouse fundamentalmente mediante rúbricas -das que xuntamos mostra no apartado de documentación da aplicación na que presentamos esta memoria- e atribuíuse unha porcentaxe correspondente na cualificación segundo o establecido en cada programación.

A principal cuestión a corrixir que atopamos na autoavaliación do proxecto está no manexo dos prazos e a importancia dunha planificación o máis detallada posible desde o inicio de curso, que facilite a participación do maior número de departamentos, propicie unha integración real dos contidos curriculares e unha mellor distribución do traballo, sen solapar actividades.

## **10.- BIBLIOTECA**

A biblioteca participou ao longo de todo do desenvolvemento do proxecto como centro de coordinación, primeiro no deseño da actividade e ata o final na dinamización do conxunto. Cómpre, en todo caso, salientar que contamos cun traballo estreitamente coordinado co EDL.

Como funcións máis específicas da biblioteca, poden sinalarse a compra de materiais bibliográficos, o uso do espazo como espazo de investigación e de exposición das ponencias, a elaboración física do crebacabezas e os materiais da exposición e a o traballo de difusión do proxecto.

A experiencia deste proxecto mostra a biblioteca como espazo idóneo como centro de vertebración das actividades interdepartamentais e de investigación, que resultan altamente significativas na aprendizaxe do alumnado.